

OS NOMES DO POETA

Na maioría dos estudos sobre a obra de Celso Emilio Ferreiro (1912-1979) adoita pórse de relevo o seu carácter de iniciador da poesía de matiz socialrealista, esa tendencia a facer a crítica da realidade inmediata a través dun verso comprometido cos que sofren a falta de liberdades que será hexemónica na nosa literatura durante case dúas décadas. Con todo, o poeta celanovés tamén cultivou outros temas como a liña intimista ou a satírica que tiveron un peso esencial dentro da súa obra, tal e como agora temos ocasión de comprobar grazas á *Poesía galega completa* que vén de publicar Xerais baixo o coidado de Ramón Nicolás. Trece son os poemarios que integran este volume e ós que se engaden tamén un monllo de “Novos poemas” xa éditos en revistas e outros medios nos anos que van de 1932 a 1978. Testemuña como son de todo un periplo poético, estes novos textos permítennos comprender na súa totalidade a tendencia de Celso Emilio Ferreiro a elaborar unha obra plural, tanto desde o punto de vista dos temas, como no que toca ás formas. Así, as liñas axiais ou ben teñen unha relevancia sucesiva en cada libro, ou ben se imbrincan e evolúen xuntas nos versos que permiten ó lector, asemade, coñecer de primeira man certas vivencias persoais e biográficas do poeta: a estadía no cárcere cando escribe *Longa noite de pedra*, a emigración na que dará canle á súa voz satírica coas *Cantigas de escarnio e maldicir* ou *Terra de ningures*, o amor por Moraima a vertebrar *Onde o mundo se chama Celanova...* Por iso, agora que se cumpre o vintecinco cabodano do seu pasamento, a voz de Celso Emilio Ferreiro volve á actualidade neste volume da súa *Poesía galega completa* e tamén na nova edición que nos ofrece Armando Requeixo de *Viaxe ao País dos Ananos*, obra que dá inicio á veta satírica do celanovés. Dirixido contra aqueles emigrantes que só buscan enriquecerse esquecendo totalmente o ideario nacionalista, o poemario fala d’*“O País dos Ananos,/ poboado de pitisos/ comestos da iñorancia,/ mandados pola envexa i a cobiza”* capaces de transformar a “terra prometida” nun “*emporio de logreiros,/ caverna de usureiros,/ buraco de tendeiros*” que todo o malogran. Fronte a eles manterase pura a voz de quen posuíu varios nomes e todos asumiu, de quen soubo da perda e a soidade máis extremas e alzou as palabras como bandeiras, de quen deixou dito: “*En fume escritos/ os meus nomes están. Vádeos decindo/ cun fondo musical de frauta triste,/ de bágoas esbarradas/ petándome decote nas pupilas./ Vádeos decindo en verbas pequeniñas/ coma coitelos fríos pola gorxa. // Non me chame ningún por outros nomes,/ alcumes meus en fírgoas entrevistos*”. Do poeta que, hai vintecinco anos, nos legaba a súa obra sempre viva.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 89, outubro 2004, p. 73